

PEL-Pemes Mantemento 2026

Subvencións ao mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresa

Quen pode solicitar esta subvención?

Pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas **beneficiarias da subvención PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025**, que realizaron a **contratación indefinida** inicialmente ou a transformaron a indefinida con carácter previo á presentación da solicitude de axudas PEL-Pemes Mantemento 2026.

Que orzamento total dispón?

Un crédito inicial dispoñible de **1.200.000 €**

Cal é a contía?

Ata un máximo de 11.000 euros no caso de contrato indefinido a xornada completa dun colectivo vulnerable (inscrito como desempregado de longa duración nos Servizos Públicos de Emprego, muller, menor de 30 anos, maior de 45 anos ou persoa con diversidade funcional)

Ata un máximo de 10.000 euros no caso de contrato indefinido a xornada completa sen colectivo vulnerable

Que se subvenciona?

O mantemento do posto de traballo indefinido creado na convocatoria anterior de PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025.

Ata o 50% dos custos salariais, de Seguridade Social e outros gastos sociais da contratación laboral dunha persoa traballadora a xornada completa ou parcial durante 12 meses (de xaneiro a decembro de 2026).

Como se conceden?

Por concorrencia competitiva: valóranse e ordénanse as solicitudes segundo os criterios de valoración establecidos nas bases reguladoras destas subvencións e concédense ata o esgotamento o crédito.

Cando recibirás o pago?

Una vez realizados os gastos e presentada a xustificación na plataforma SUBTeL.

Prazos que debes ter en conta:

Solicitudes:

do 15 de novembro (9:00 h) ao 16 de decembro (14:00 h).

Período subvencionable:

do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2026.

Xustificación de gastos:

ata o 28 de febreiro de 2027.

Máis información: pel.gal 981 415 509 pel@dacoruna.gal

Bases reguladoras destas axudas

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2025/11/11/2025_0000007398.pdf

Solicita a axuda en: sede.dacoruna.gal/subtel/

